

CUESTIONARIO DE INTERESES PROFESIONAIS

Asigna a puntuación, en función dos criterios que se indican, a cada unha das seguintes cuestións segundo che gusten ou puideran gustar algún día:

(Nota: é suficiente que só che guste algún dos aspectos cando separamos con “//”)

0 = Non me gusta, / 1 = Gústame pouco / 2 = Gústame bastante 3 / = Gústame moito

1. ___ Organizalas compras e vendas dunha empresa.
2. ___ Traballar nunha granxa // Embarcar nun pesqueiro// Ser monitor de deportes.
3. ___ Tocar un instrumento// Pintar paisaxes // Actuar nunha festa
4. ___ Coidar ou curar enfermos.
5. ___ Coleccionar minerais ou fósiles.
6. ___ Defender unha persoa nun xuízo // Convencer da calidade dun produto
7. ___ Axudar ou ensinar ás persoas necesitadas.
8. ___ Comentar textos // Interpretar textos noutros idiomas.
9. ___ Amañar aparellos ou materiais diversos.
10. ___ Responsabilizarme da contabilidade dunha empresa.
11. ___ Traballar no campo ou no mar durante unha parte das vacacións.
12. ___ Interpretar ou compoñela música dunha obra teatral // Decoralo escenario.
13. ___ Facer cursos de socorrismo.
14. ___ Pasar tempo no laboratorio dun centro.
15. ___ Traballar nunha axencia de viaxes // Ídem nun bufete de avogados.
16. ___ Estudialos costumes de distintas comunidades humanas.
17. ___ Viaxar para coñecer linguas doutros países.
18. ___ Montar circuitos eléctricos.
19. ___ Dirixir un negocio propio.
20. ___ Ser monitor de campamentos de verán // Ser monitor de xardinería.
21. ___ Deseñar obras públicas // Perfeccionar instrumentos musicais.
22. ___ Elaborar dietas alimentarias equilibradas.
23. ___ Estudia-la influencia da contaminación no desenvolvemento dos seres vivos.
24. ___ Relacións públicas dunha empresa // Participar nunha campaña electoral.
25. ___ Axudar nunha residencia de anciáns ou nunha gardería infantil.
26. ___ Traducir textos // Compoñer poesía ou textos literarios.
27. ___ Coñecelo funcionamento dos motores // Traballar nun taller mecánico.
28. ___ Abrir unha xestoría ou traballar nunha oficina de colocación.
29. ___ Deseñar xardíns // Ter un xardín propio ou cultivar unha horta.
30. ___ Coñece-la historia da Música // Ídem da Pintura // Ídem da Literatura.
31. ___ Controlala pesca nos ríos // Coidar plantas autónomas.
32. ___ Estudiar fenómenos naturais (terremotos, furacáns, riadas...).
33. ___ Levar unha empresa de publicidade // Facer spots publicitarios.
34. ___ Ter un grupo de nenos e nenas en réxime de acollida.
35. ___ Ensinar lingua ou idiomas a nenos // Facer intercambios para coñecer idiomas.
36. ___ Traballar nun taller algún tempo nas vacacións.
37. ___ Controla-las entradas e saídas de mercancías nunha empresa.
38. ___ Ser deportista profesional // Ídem agricultor // Ídem mariñeiro.
39. ___ As clases de debuxo e/ou música son as miñas preferidas.
40. ___ Preocupación por persoas necesitadas // Ídem por animais maltratados.
41. ___ Descubrir novas fontes de enerxía.
42. ___ Traballos en relación directa coas persoas.
43. ___ Orientar ou axudar a alumnas e alumnos cando teñan necesidades.
44. ___ Estudiala análise gramatical ou estrutura dun idioma.
45. ___ Realizar planos de edificios // Construír edificios.
46. ___ Asistir a cursos de informática.

47. ___ Ser gardarríos ou gardamontes // Coidar especies animais en extinción.
48. ___ Participar en concursos de pintura // Ídem poesía // Ídem interpretación.
49. ___ Coidar nun centro da 3ª idade // Levar unha granxa de animais.
50. ___ Traballar nunha refinería de petróleo.
51. ___ Responsable das relacións públicas ou laborais dunha empresa.
52. ___ Participar en campañas de loita contra a fame.
53. ___ Dirixir ou traballar nunha academia de lingua e idiomas.
54. ___ Construír mobles ou elementos de obra.
55. ___ Realizar programas informáticos.
56. ___ Participar en grupos de sendeirismo.
57. ___ Ler libros de arte (plástica, musical...).
58. ___ Traballar nun hospital // Ídem nunha clínica veterinaria.
59. ___ Resolver problemas de Física ou Matemáticas.
60. ___ Dirixir ou traballar nunha empresa de selección de persoal.
61. ___ Colaborar con algunha O.N.G.
62. ___ Ler e comentar literatura en xeral.
63. ___ Deseñar ou traballar na planificación dunha urbanización .
64. ___ Programar sistemas de venda por ordenador.
65. ___ Facer un curso de xardinería.
66. ___ Colaborar nun grupo de teatro ou coro no Centro.
67. ___ Realizar prácticas de cultivos mariños.
68. ___ Traballar nalgún equipo de investigación científica.
69. ___ Vender nunha tenda ou comercio // Preparar xente para a venda pública.
70. ___ Dedicarme ó ensino // Levar programas de axuda a domicilio.
71. ___ O estudio da Lingua e Literatura (nacionais ou estranxeiras).
72. ___ Ter ferramentas de todo tipo.
73. ___ Traballar como administrativo con dominio da informática.
74. ___ Ter unha profesión para traballar ó aire libre.
75. ___ Pintar no tempo libre // Ídem tocar ou actuar.
76. ___ Traballar para mellora-la alimentación humana.
77. ___ Investigar na mellora do medio natural.
78. ___ Aprender técnicas de marketing.
79. ___ Axudar a buscar traballo á xente que o precise.
80. ___ Viaxar para perfeccionar idiomas.
81. ___ Coidar ou controla-la maquinaria dunha empresa.
82. ___ Traballar con ordenadores.
83. ___ Practicar xogos e deportes en xeral.
84. ___ Decorala propia casa // Instalar música ambiental no domicilio.
85. ___ Profundar no estudio dalgunha enfermidade.
86. ___ Estudialo solo para a mellora dos cultivos.
87. ___ Ser vendedor dun novo produto bastante eficaz.
88. ___ Axudar a resolver problemas familiares da xente.
89. ___ Traducir obras literarias.
90. ___ Reparar os meus aparellos.
91. ___ Dominala linguaxe informática.
92. ___ Dirixir un ximnasio // Posuír unha granxa ou un invernadoiro.
93. ___ Ser integrante dun colectivo de arte (plástica, musical, dramática...).
94. ___ Traballar nunha farmacia // Ídem nunha unidade de dor.
95. ___ Comprar un microscopio ou un telescopio.
96. ___ Empezar diversos negocios.
97. ___ Educar ou coidar a persoas con minusvalías.
98. ___ Facer de guía-tradutor con persoas doutras nacionalidades.
99. ___ Técnico de son ou imaxe nun medio de comunicación


CUESTIONARIO DE INTERESES PROFESIONAIS-CORRECCIÓN

FOLLA DE RESPUESTAS

Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Área 5	Área 6	Área 7	Área 8	Área 9
1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31	32	33	34	35	36
37	38	39	40	41	42	43	44	45
46	47	48	49	50	51	52	53	54
55	56	57	58	59	60	61	62	63
64	65	66	67	68	69	70	71	72
73	74	75	76	77	78	79	80	81
82	83	84	85	86	87	88	89	90
91	92	93	94	95	96	97	98	99

1: ____ 2: ____ 3: ____ 4: ____ 5: ____ 6: ____ 7: ____ 8: ____ 9: ____
(Suma as puntuacións de cada columna)

Traslada a suma das puntuacións anteriores ós seguintes gráficos:



**Descrición e saídas académicas ou profesionais nas distintas áreas
ou campos tratados neste cuestionario:**

=====

=====

1.- ADMINISTRACIÓN – INFORMÁTICA

Actividades de oficina, secretariado, traballos informáticos, programación, xestión-administración de empresas ...

Aptitudes e dominios: Boa capacidade intelectual. Manexo de datos matemáticos e estadísticos. Precisión, orde e detalle.

Saídas profesionais: Administración pública (administrativos, técnicos), empresa privada (administrativo, xestión, técnico, programador...).

Modalidades Bacharelato:

- **Humanidades e CCSS** para estudos con orientación administración-economía.
- **Ciencias** para formación orientada á informática-telecomunicacións-enxenerías.

Ciclos formativos: * Xestión administrativa (GM), * Administración e finanzas (GS), * Secretariado (GS), * Administración de sistemas informáticos (GS), * Desenvolvemento aplicacións informáticas (GS).

Carreiras universitarias: * Enxeñería técnica en informática de sistemas, * Enxeñería técnica en informática de xestión, * Enxeñería técnica de telecomunicacións, * Enxeñeiro de telecomunicacións, * Xestión e administración pública, * Administración e dirección de empresas, * Ciencias empresariais.

2.- AIRE LIBRE

Interese pola actividade física e traballos en contacto coa natureza.

Aptitudes e dominios: Boas capacidades físicas (especialmente para algúns estudos como medio de acceso), Capacidades intelectuais medias ou altas. Coñecementos nos campos da Bioloxía, C. Naturais, Psicoloxía do desenvolvemento...

Saídas profesionais: Profesorado de E. Física, Monitor de deportes ou tempo libre, Preparador físico. Agricultura, gandería, pesca, medio ambiente (no exercicio libre, cooperativas, empresas).

Modalidades Bacharelato:

- **Ciencias** para estudos de orientación agraria e marítimo-pesqueira.
- **Humanidades e CC SS ou ben outra modalidade** para formación con orientación deportiva.

Ciclos formativos: * Traballos forestais e de conservación do medio natural (GM), * Xardinería (GM), * Explotacións agrícolas extensivas/intensivas (GM), * Operacións de cultivo acuícola (GM), * Pesca e transporte marítimo (GM), * Condución de actividades físico-deportivas no medio natural (GM), * Animación de actividades físicas e deportivas (GS), * Navegación, pesca e transporte marítimo (GS), * Producción acuícola (GS).

Carreiras universitarias: * Enxeñerías Técnicas Agrícolas, Forestais e do Mar, * Mestre en Ed. Física, * actividade Física e do Deporte, * Ciencias Ambientais, * Ídem en Ciencias do Mar, * Ídem en Bioloxía, * Ídem en Xeoloxía, * Enxeñería de montes, * Enxeñería Agrónoma, * Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, * Enxeñería Naval e Oceánica.

3.- ARTÍSTICO

Habilidades creativas e sensibilidade pola arte nalgunha ou algunhas das diferentes manifestacións (plástica, musical, dramática, cinematográfica, deseño por ordenador...).

Aptitudes e dominios: Creatividade, espírito independente e habilidades moi específicas (debuxo, ritmo, cores, habilidade manual, musicalidade...segundo o campo artístico).

Profesións xenéricas: pintor , músico, escultor, actor, deseñador, decorador, fotógrafo, escritor, publicista, bailarín... de forma autónoma ou profesional libre, en institucións artísticas (compañías, organismos oficiais, cooperativas, empresas) ou en centros de ensino.doutras modalidades).

Modalidades de Bacharelato:**Artes**, en particular para estudos orientados cara as artes plásticas (Belas Artes, Artes Aplicadas...).

- **Ciencias** para carreiras con orientación artístico-técnica (Arquitectura, Restauración, enxeñerías),
- **Humanidades e CC SS**, para formación relacionada coa Historia da Arte ou da Música, ensino, etc. e con algunha concreta doutra modalidade que interese en función deses estudos.

Ciclos formativos das familias profesionais de Deseño Gráfico, Deseño Industrial, Deseño de Interiores, Arte aplicada ó Libro, Arte aplicada ó Muro, Arte aplicada á Escultura, Cerámica Artística, Artes aplicadas á Indumentaria, Xoiería de Arte, Esmaltes Artísticos, Arte Floral, Vidro Artístico, Têxtils Artísticos. Comunicación, Imaxe e Son. Estudos en centros de **Música e Danza** ou **Arte Dramática**.

Carreiras universitarias: * Restauración, * Belas Artes, *Historia da Arte, * Enxeñería Técnica en Deseño Industrial, * Arquitectura, * Historia e Ciencias da Música, * Grao Superior de Música e Danza, * Título Superior de Arte Dramática.

4.- BIOSANITARIO.

Estudio e coidado dos seres vivos. Prevención e tratamento das enfermidades.

Aptitudes e dominios: Capacidade xeral elevada, o mesmo que a memoria e o razoamento abstracto. Precísanse uns bos dominios nos campos da Bioloxía, Fisioloxía, C. Naturais, Química e, en casos, Física e Matemáticas. O grao de dificultade na maioría destes estudos é moi alto.

Saídas profesionais: Sanidade pública ou privada, na rede sanitaria da Administración, en servizos públicos (alimentación, veterinaria, farmacoloxía). No exercicio autónomo da profesión. Na investigación pública ou privada. Na Universidade.

Modalidades de Bacharelato:

- **Ciencias**

Ciclos formativos:* Coidados auxiliares de enfermería (GM), * Farmacia (GM), * Hixiene bucodental (GM), * Anatomía patolóxica (GS), * Dietética (GS), * Laboratorio (GS), * Imaxe para o diagnóstico (GS), * Próteses dentais (GS).

Carreiras universitarias: * Enfermería, * Fisioterapia, * Nutrición e Dietética, * Dip Óptica e Optometría, * Logopedia, * Terapia Ocupacional, * Medicina, * Veterinaria, * Odontoloxía, * Farmacia, * Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

5.- CIENTÍFICO.

Interese polo estudio da ciencias experimentais e tarefas que esixen observación, análise e experimentación. Incluímos dúas orientacións: ciencias básicas (con maior peso da fundamentación teórica) e enxeñerías (con maior carga de tecnoloxía).

Aptitudes e dominios: Precísase unha capacidade xeral alta para a maioría destes estudos e un bo dominio nos campos das Matemáticas, Física, Química ou Bioloxía. Os estudos, en xeral, son de moita dificultade.

Saídas profesionais: Investigación ou ensino en institucións, universidades, exercicio libre da profesión, investigación aplicada á construción, electrónica, telecomunicacións, etc.

Modalidades do Bacharelato:

- **Ciencias(opción A)** para carreiras relacionadas coa investigación, ensino ou traballo en determinados campos (sanidade, laboratorio, universidade...).

- **Ciencias** para estudos orientados ás enxeñerías, rama productiva, construción, comunicacións...

Ciclos formativos: * Laboratorio (GM), * Análise e Control (GS), * Química Ambiental (GS).

Carreiras universitarias: * Bioloxía, * Física, * Química, * Matemáticas, * Xeoloxía, * Meteoroloxía, * Bioquímica, * Ciencia e T. dos Alimentos, * Enxeñerías relacionadas coa investigación aplicada.etc

6.- COMERCIAL-RELACIONAL.

Incluimos neste grupo traballos que precisan de persoas con habilidades de relación social e con espírito aberto e emprendedor.

Aptitudes e dominios: Capacidades verbal e de razoamento altas. Facilidade para a interacción social e habilidades de persuasión. Nalgúns campos precísase boa capacidade de memorización. Estudos de dificultade media, en xeral.

Saídas profesionais: Exercicio libre da profesión (comerciante, representante, relacións públicas, empresario, despacho profesional...), Administración (mediante oposición), avogacía, periodismo, política...

Modalidades de Bacharelato:

- **Humanidades e CC SS**
- **Ciclos formativos:** * Comercio (GM), * Xestión Comercial e Marketing (GS) *Comercio Internacional (GS), *Información e comercialización turística (GS), * Axencias de viaxes (GS).

Carreiras universitarias: * Ciencias Empresariais, * Relacións Laborais, *Turismo, * Publicidade e Relacións Públicas, * Dereito, * Ciencias Políticas, *Xornalismo, * Investigación e Técnicas de Mercado, * Socioloxía. etc

7.- HUMANÍSTICO – SOCIAL.

Trátase dun grupo de traballos ou profesións interesados ou sensibilizados coa problemática das persoas e grupos sociais (educación, saúde, traballo, familia, cultura, comunicación, información...).

Aptitudes e dominios: Boa capacidade ou formación nas áreas de humanidades e ciencias sociais, linguaxe, filosofía e sensibilidade cara ás necesidades e manifestacións do ser humano e dos grupos sociais. En xeral os estudos son de dificultade media.

Saídas profesionais: Traballadores do ensino, en organismos de axuda ou protección social (concellos, ONGs, servicios sociais...), centros culturais (bibliotecas, ludotecas, locais da infancia ou da terceira idade), monitores de tempo libre, investigación, comunicación, etc.

Modalidade de Bacharelato:

- **Humanidades e CC SS**
- **Ciclos formativos:** * Animación sociocultural (GS), * Animación de actividades Físicas e Deportivas, * Educación Infantil (GS).

Carreiras universitarias: * Maxisterio, * Educación Social, * Psicoloxía, * Pedagogía, *Psicopedagogía, * Relacións Laborais, * Terapia Ocupacional, * Traballo Social, * Humanidades *Dereito, * Xeografía, * Historia, * Filosofía, * Socioloxía. etc

8.- LINGÜÍSTICO.

Capacidade para o estudo e utilización das propias linguas e dos idiomas estranxeiros.

Aptitudes e dominios: Capacidade xeral media ou alta. Facilidade verbal e para a aprendizaxe de idiomas. Boa memoria e razoamento abstracto. Nivel aceptable nos

coñecementos xerais. Estudos de dificultade media ,para as persoas que reúnen as capacidades mencionadas.

Saídas profesionais: ensino, traducción, interpretación, axencias de viaxes, guías de turismo, recepcionistas en hostalería, investigación, creación literaria.

Modalidades do Bacharelato:

- **Humanidades e CC SS**

Ciclos formativos: * Interpretación da lingua de signos (GS).

Carreiras universitarias: Filoloxías: * Galega, * Hispánica, *Catalana, *Vasca,*Inglesa, * Francesa, * Clásica, * Italiana, * Portuguesa, *Alemana, * Árabe, * Eslava, * Hebrea, * Románica..* Traducción e Interpretación. etc

9.- MECÁNICO – TECNOLÓXICO.

Neste campo recolleamos actividades profesionais que precisan de habilidades manuais con dominio e precisión, traballos con máquinas ou ferramentas, interesados na tecnoloxía, procesos de transformación de produtos e produción industrial.

Aptitudes e dominios: Boa capacidade para o cálculo e a matemática en xeral, rigor na medida, dominios na física e aspectos espaciais. Estudos en xeral de moita dificultade nos niveis superiores e, incluso na F. Profesional, cando non se teñen as habilidades ou coñecementos precisos.

Saídas profesionais: Electricistas, mecánicos, electrónica, construción, carpintería, fontanería, telecomunicacións, enxeñerías e técnicos diversos... en exercicio autónomo ou en empresas.

Modalidade de Bacharelato:

- **Ciencias**
- **Ciclos formativos:**

De Grao Medio: *Equipos electrónicos de consumo, * Equipos e instalacións electrotécnicas, *Operacións, control e mant. de máquinas e inst. do buque, * Ebanistería, * Albanelería, * Acabados de construción, * Confección, *Carrocería, * Electromecánica de vehículos, * Frío e climatización, *Instalación e mant. electromecánico de liñas , * Mecanizado, * Soldadura e caldeirería.

De Grao Superior: * Automoción, Mant. e montaxe de inst. de edificio e proceso, * Mantemento de equipo industrial, * Desenv. de prox. de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención, * Producción de madeira e moble, * Producción por mecanizado, * Desenv. de produtos electrónicos, * Sistemas de regulación e control automáticos, * Sistemas de telecomunicación e informáticos, * Instalacións electrotécnicas, * Desenv. de proxectos urbanísticos e op. topográficas. * Realizacións e plans de obras, * Desenv. e aplicación de prox. de construción.

Carreiras universitarias: * Enxeñerías técnicas (Industrial, Minas, Naval Obras públicas, Telecomunicacións en Sist. Electrónicos), *Máquinas Navais, Radioelectrónica Naval), *Arquitectura, * Enxeñeiro de Camiños C. e Portos, * Enx. de Minas, * Enx. Industrial, * Enxeñeiro en Electrónica,. etc